Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2026/4
SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DE PLENOS, xoves 14 de maio de 2026 -

No día da data, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:

PSdeG-PSOE
RAMON ABUÍN GÓMEZ
M. TERESA BATALLA ROMERO

BNG
XOÁN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
ANGEL JAMARDO REY
M. SOLEDAD BOGA GRELA

Unidade Veciñal de Dodro
REBECA RIAL DIZ
XOÁN XOSÉ VICENTE FRANCO

Xente de Dodro
SERGIO JOSE BOGA GOMEZ
VALENTÍN ALFONSÍN SOMOZA

AUSENCIAS:

Xente de Dodro
LUCIA YESICA VECINO RODRIGUEZ

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA
A) DACIÓN EN CONTA:

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

1. DACIÓN CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
2. DACIÓN CONTA REMISIÓN INFORMES ECONÓMICO-ORZAMENTARIOS DO 1º TRIMESTRE DE 2026
3. DACIÓN CONTA LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA EXERCICIO 2025
4. DACIÓN EN CONTA DE ASUNTOS VARIOS

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO 11/11/2025.
6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO 29/12/2025.
7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO 15/01/2026.
8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO 05/02/2026.
9. APROBACIÓN DEFINITIVA DA DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DA INSPECCIÓN DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS E DA TAXA URBANÍSTICA.

C) MOCIÓNS:

C.1.) MOCIÓNS URXENTES:

D) CONTROL DE GOBERNO:

10. ROGOS E PREGUNTAS

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "Boas tardes. Vamos a iniciar o pleno ordinario do mes de maio."*

PROPOSTAS ORDINARIAS

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPTE: 2026/G006/000180
ASUNTO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta das resolucións que van desde o número 143/2026 ao 221/2026, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Asinado dixitalmente, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."

Os concelleiros e concelleiras quedan informados das resolucións de Alcaldía indicadas.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2. DACIÓN CONTA REMISIÓN INFORMES ECONÓMICO-ORZAMENTARIOS DO 1º TRIMESTRE DE 2026

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"Expediente: 2026/G006/000102
Asunto: Dación conta remisión Informes económico-orzamentarios do 1º trimestre 2026
Trámite: Proposta para o Pleno

Dáse conta da remisión de información económico-orzamentaria a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais:

-Período Medio de Pago do 1º trimestre 2026 (enviado o 27/04/2026)
-Liquidación do exercicio 2025 (enviada o 27/04/2026)
-Seguimento do Plan Económico Financeiro correspondente ao 2025 (enviado o 27/04/2026)
-Informe de execución trimestral do 1º trimestre 2026 (enviado o 30/04/2026)
-Presuposto prorrogado 2025 para 2026 (enviado o 13/04/2026)
-Plan orzamentario a medio prazo 2027-29 (enviado o 13/03/2026)
-Información Salarial de Postos da Administración (ISPA) (enviado o 28/04/2026)

Asinado dixitalmente.
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís."

Os concelleiros e concelleiras quedan informados.

3. DACIÓN CONTA LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA EXERCICIO 2025

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPEDIENTE.: 2026/T019/000001e 2026/G006/000164
ASUNTO:: Dación conta aprobación Liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2025
TRÁMITE: Proposta para o Pleno

Dáse conta ao Pleno Municipal da resolución da Alcaldía núm. 200/2026 de data 22/04/2026 de aprobación da liquidación do orzamento 2025 que se transcribe deseguido:

"De conformidade coas atribucións conferidas a esta Alcaldía pola lexislación vixente artigo 21 Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local,

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

en aplicación dos artigos 191.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RDLex 2/2004 de 5 de marzo e artigo 90 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril de desenvolvemento da Lei reguladora das facendas locais e demais normativa.

Visto o expediente de liquidación do Orzamento municipal do ano 2025.

Foron emitidos os seguintes informes de control permanente pola Intervención municipal o 21 e 22 de abril de 2026:

1º. Informe de intervención núm. 2026-0070, de data 21/04/2026, en cumprimento do disposto no art. 192 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, con resultado favorable.

2º. Informe de intervención núm. 2026-0071, de data 22/04/2026, en cumprimento do disposto no artigo 16.2 do RD 1463/2007, de 2 de novembro, polo que aproba o regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, sendo o resultado do control permanente previo do expediente:

*"(...) A. Que esta Entidade Local **cumpre o obxectivo de Estabilidade Orzamentaria** entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 2010.*

*B. Que esta Entidade Local **cumpre o obxectivo da Regra do Gasto**, entendido como a situación na que a variación do gasto computable non supera a taxa de referencia de crecemento do PIB correspondente a este exercicio.*

*C. Que esta Entidade Local **cumpre o obxectivo do límite de Débeda Pública**."*

En cumprimento do disposto no artigo 191 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RDLex 2/2004 de 5 de marzo,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do Orzamento municipal do ano 2025:

ORZAMENTO CORRENTE

INGRESOS:

Cap.	Descripción	Iniciales	Modific.	Previsiones definitivas	Derechos Reconocidos Netos	Ingresos realizados	Devoluciones de ingresos	Recaudación líquida	Pendientes de	Exceso / Defecto Previsión

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

									cobro	
1	Impuestos Directos	403340,07	0	403340,07	384242,14	384242,14	0	384242,14	0	-19097,93
2	Impuestos Indirectos	7000,00	0	70000,00	58039,28	58039,28	0	58039,28	0	-11960,72
3	Tasas, Precios Publicos Y Otros Ingresos	486397,48	0	486397,48	254783,25	218716,30	2541,50	216174,80	38608,45	-231614,23
4	Transferencia Corrientes	1771503,59	575821,72	2347325,31	1893172,97	1901575,06	8402,09	1893172,97	0	-454152,34
6	Enajenación inversiones	0	0	0	0	0	0	0	0	0
7	Transferencias De Capital	376569,96	505983,95	882553,91	418168,18	418168,18	0	418168,18	0	-464385,73
8	Activos Financieros	0	288889,83	288889,83	0	0	0	0	0	-288889,83
9	Pasivos Financieros	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	TOTAL	**3107811,10**	**1370695,50**	**4478506,60**	**3008405,82**	**2980740,96**	**10943,59**	**2969797,37**	**38608,45**	**-1470100,78**

GASTOS:

Descripción	Créditos Iniciales	Modificaciones	Definitivos	Obligaciones Reconocidas	Pagos realizados	Pendientes de pago	Remanentes de crédito
TOTAL CAPITULO 1	1053667,25	310113,54	1363780,79	960817,04	960817,04	0	402963,75
TOTAL CAPITULO 2	1458655,84	479645,50	1938301,34	1475639,43	1474655,56	983,87	462661,91
TOTAL CAPITULO 3	1000,00	0	1000,00	0	0	0	1000,00
TOTAL CAPITULO 4	81725,68	66810,43	148536,11	97451,19	93851,19	3600,00	51084,92
TOTAL CAPITULO 6	437023,27	514126,03	951149,30	289021,19	289021,19	0	662128,11
TOTAL CAPITULO 9	75739,06	0	75739,06	75739,03	75739,03	0	0
TOTAL	**3107811,10**	**1370695,50**	**4478506,60**	**2898667,91**	**2894084,04**	**4583,87**	**1579838,69**

RESULTADO ORZAMENTARIO

Concepto	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes	Resultado orzamentario
a. Operacións Correntes	2.590.237,64	2.533.907,66	0,00	56.329,98
b. Outras operacións non financeiras	418.168,18	289.021,19	0,00	129.146,99
1.- Total operacións non financeiras (a+b)	3.088.405,82	2.822.928,85	0,00	185.476,97
2.- Activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
3.- Pasivos financeiros	0,00	75.739,06	0,00	-75.739,06
RESULTADO	**3.008.405,82**	**2.898.667,91**	**0,00**	**109.737,91**

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ORZAMENTARIO DO EXERCICIO				
4.- Créditos gastados financiados con remanente de tesouraría para gastos xerais	0,00	0,00	276.550,72	276.550,72
5.- Desviacións de financiamento negativas do exercicio	0,00	0,00	401.592,29	401.592,29
6.- Desviacións de financiamento positivas do exercicio	0,00	0,00	479.315,94	-479.315,94
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				**308.564,98**

REMANENTE DE TESOURARÍA

		Ano 2025	Ano 2024
1	**Fondos líquidos**	**505.704,31**	**364.709,02**
2	**Dereitos pendentes de cobramento**	**96.578,39**	**116.264,62**
	+ do orzamento corrente	38.608,45	57.894,32
	+ de orzamentos pechados	57.811,98	58.212,34
	+ de operacións non orzamentarias	157,96	157,96
	- cobramentos realizados pendentes de aplicación definitiva	4.496,60	539,04
3	**Obrigas pendentes de pagamento**	**127.067,60**	**119.454,01**
	+ do orzamento corrente	4.583,87	567,09
	+ de orzamentos pechados	15.139,23	15.139,23
	+ de operacións non orzamentarias	107.344,50	103.747,69
	- pagamentos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	0,00
I	**Remanente de tesouraría total)1+2+3)**	**470.718,50**	**360.980,59**
II	Saldos de dubidoso cobramento	55.891,46	55.031,30
III	Exceso de financiamento afectado	39.320,52	12.339,11
IV	**Remanente de tesouraría para gastos xerais (I-II-III)**	**375.506,52**	**293.607,18**
V	Saldo de obrigas pendente de aplicar ao orzamento a 31/12/2024	0,00	152.067,32
VI	Saldo de obrigas por devolución de ingresos pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2025	0,00	0,00
VII	**Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais axustado**	**375.506,52**	**141.539,86**

SEGUNDO.- Da liquidación do Orzamento 2025 darase conta o Pleno municipal

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

na primeira sesión que realice.

TERCEIRO.- Da liquidación do Orzamento remítase copia á Administración do Estado (Centro ou dependencia do Ministerio de Facenda) e a Comunidade Autónoma.

Asinado dixitalmente no Concello de Dodro na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Xabier Castro Tourís e pola secretaria-interventora do Concello de Dodro, tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).”

Asinado dixitalmente polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís.

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro”

Os concelleiros e concelleiras quedan informados.

4. DACIÓN EN CONTA DE ASUNTOS VARIOS

Non hai.

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO 11/11/2025.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Hoxe hai 4 actas, estamos intentando adiantar o traballo. Un turno a cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista, acta do día 11 de novembro.”*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *“Boa tarde.*
Nada que dicir.”

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz de Agrupación política de Xente de Dodro.”*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *“Bueno, a verdade é que estaba revisando as actas si están ben ou non pois, creo que é un traballo que non deberían de pasar os concelleiros, pero bueno. É que simplemente é que son, non sei se vai a vista precisamente, lles vou a dicir aquí o que entenden aquí o goberno por unanimidade, esto é a votación da declaración da FEGAMP recollida na acta do 11 de novembro, votos a favor 8, somos eramos 10 concelleiros e recóllese aquí por unanimidade, bueno abstencións 0, votos en contra 0, o resultado unanimidade, o estado da proposta aprobado. Esto nun*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

punto que era do máis simple, era soamente contar os votos, bueno pois nin eso..."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A diferencia é a cualificación que en lugar de ser maioría, é unanimidade."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"No, a diferencia é que redactan vostedes as actas como lles salen, como lles da a gana."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Conteña a linguaxe, por favor, así perfecto."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Como lles dá a real gana. Entonces esto xa é colmo do colmo, dunha cousa que é tan simple como é contar votos. Pon por unanimidade, esto non sei, se é feito con un copia e pega... Isto é un asunto, se agora temos que estar revisando asunto tras asunto, lendo todas as intervencións, seis meses despois das actas..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Para iso, para iso se ..."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"No, no, para eso hai alguén que cobra 60.000 ano que o tiña que facer de cine, de cine. E para eso pagamos 60.000 euros."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Alfonsín, rematou ..."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Para estas choradas."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Rematou."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"No, esto é imposible."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Rematou a súa ..."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Esto é imposible."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Rematou a súa intervención."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"E que esto é un colmo xa, si esto vai así acta por acta. E por esto pagamos 60.000 euros?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non levante a voz, non ten máis razón por levantar a voz."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"No, no, é que a razón téñoa toda, non fai falta levantar a voz."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Estou dicindo que si vostede..."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Estou dicindo que se alguén que cobra 60.000 euros, por redactar as actas e á primeira de cambio que xa non dan ningunha. Non da unha."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Alfonsín, Señor Alfonsín, entendo que en esta acta, vostede propón un cambio na..."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"No, no, propoño..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Nese punto, me deixa falar por favor."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Vostede faga o que queira, propoña..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Me deixa falar, por favor..."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Vostede, eu non estou propoñendo nada."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor..."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"E que estou propoñendo eu algo?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, contéñase. Por favor contéñase. Vostede está dicindo que hai un erro na acta e entendo que vostede nesta intervención ..."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Un erro de libro..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vostede nesta intervención, pretende que se substitúa a cualificación de "por unanimidade"a "por maioría"."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Que eu pretendo?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non digo, pregunto, para aclaralo."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Eu non estou propoñendo nada, eu estou dicindo, simplemente, o que hai."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Perfecto, gracias, gracias."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Que é un erro de*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

libro."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias pola súa intervención. Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Boas tardes a todos. A ver se reconducimos isto, entendo que nas actas é un erro e propoñer o cambio do erro, ou sexa propoñer ese erro, tampouco fai falta semellante escándalo. Nada, nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Boas tardes. Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Ben, vamos pasar entón á votación da acta."*

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do 11 de novembro de 2025 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Resultado: Maioría absoluta

Estado da Acta: Aprobada

6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO 29/12/2025.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Un turno para cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz Agrupación política de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Pois no, nada que dicir. Isto non é un escándalo, escándalo é o que fan vostedes en cada pleno. O que é un escándalo é que se aprobe unha acta.."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Alfonsín, por favor."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Unha acta. O que é un escándalo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Rematou."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Aquí non hai nada que dicir."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Pero por qué interrompe?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Alfonsín, nada que dicir é nada que dicir. Gracias."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Quen di que nada que dicir?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vostede empezou, vostede empezou así."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Estou intervindo, estou intervindo e segundo o regulamento teño hasta 3 minutos."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vostede empezou a súa intervención, así entón."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Acaban vostedes de aprobar unha acta que, nun dos seus puntos, nun, que non responde á realidade que non responde á realidade, pero que lles da igual."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Denúncienos."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Pero que lles da igual, isto é a seriedade desta corporación, é dicir, hai un erro claro, é evidente, pero que lles da igual, poñer unanimidade, que poñer 2, que poñer 4. Eso é como gobernan vostedes e os apoios como se manifestan aquí."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pasamos á votación."*

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do 29 de decembro de 2025 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta

Estado da Acta: Aprobada

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO 15/01/2026.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Turno para cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Agrupación política Unidade Veciñal.*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Ah perdón, perdón, perdón. Portavoz de Agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"No, é que vai cortada polo mesmo patrón que as anteriores. Exactamente polo mesmo patrón."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz, agora si, de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Tampouco."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos pasar á votación deste punto 7."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do 15 de xaneiro de 2026 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta

Estado da Acta: Aprobada

8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO 05/02/2026.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Turnos por cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Agrupación política de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Exactamente, cortada polo mesmo patrón que as anteriores, esta acta."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nada que dicir."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da Unidade Veciñal de Dodro."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Tampouco. Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois vamos proceder á votación."*

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do 5 de febreiro de 2026 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta

Estado da Acta: Aprobada

9. APROBACIÓN DEFINITIVA DA DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DA INSPECCIÓN DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS E DA TAXA URBANÍSTICA.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPTE: 2024/X999/000132
ASUNTO: DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DA INSPECCIÓN DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS E DA TAXA URBANÍSTICA.
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO

O artigo 2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, indica:
"1. Son funciones públicas necesarias en todas las Corporaciones Locales, cuya responsabilidad administrativa está reservada a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, las siguientes:
(...)
c) Secretaría-Intervención, a la que corresponden las funciones de la fe pública y el asesoramiento legal preceptivo y las funciones de control y fiscalización interna de la gestión económica-financiera y presupuestaria, y la contabilidad, tesorería y recaudación."

Con data 18/11/2021 emítese informe de Secretaría-intervención, reiterado en posteriores informes, no que se da conta da escaseza de medios persoais para a tramitación dos expedientes existentes no Concello de Dodro e a elevada carga de traballo existente na Secretaría-intervención municipal.

Logo de ver que a Deputación da Coruña aprobou o 31 de maio de 2024 a modificación das bases para a prestación de servizos tributarios de maneira que establecen como contido e alcance da delegación (BOP núm. 172 do 6 de setembro de 2024):

"2ª) BASE TERCEIRA: Contido e alcance da delegación.
Engádese unha letra h) e un novo parágrafo a continuación, no punto 2. Contido opcional, co seguinte texto:
h) "Inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e da Taxa por licenza de obras ou urbanística e pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, e a recadación voluntaria e executiva das liquidacións derivadas das actuacións inspectoras.
A delegación das competencias de xestión, inspección e recadación de tributos levará así mesmo o exercicio da potestade sancionadora das infraccións que se puidesen derivar dos devanditos procedementos."

O Pleno da Corporación municipal en sesión realizada o 14/01/2025 acordou:

"PRIMEIRO.- *Aprobar provisionalmente a delegación a favor da Deputación provincial da Coruña, das seguintes competencias, nos termos indicados nas das*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Bases da Deputación da Coruña:

1. *Inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.*
2. *Inspección da Taxa por licenza de obras ou urbanística e pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.*
3. *Recadación voluntaria e executiva das liquidacións derivadas das actuacións inspectoras.*

A delegación das competencias de xestión, inspección e recadación de tributos levará así mesmo o exercicio da potestade sancionadora das infraccións que se puidesen derivar dos devanditos procedementos.

***SEGUNDO*.-** *Publicar o acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia, abríndose un prazo de 30 días hábiles para o coñecemento dos interesados e para a presentación, no seu caso, de alegacións ao mesmo, tralo cal será preciso novo acordo adoptado polo Pleno do Concello de Dodro, resolvendo as alegacións recibidas ou elevando a definitivo o acordo provisional se non houbese ningunha.*

***TERCEIRO*.-** *Notificar á Deputación da Coruña o acordo definitivo de la delegación, achegando certificación expedida pola Secretaría do Concello delegante."*

Emitida certificación de Secretaría-intervención relativa á realización do trámite de información pública sen que fosen presentadas alegacións.

Ao abeiro do disposto no artigo 22.2 p) en relación co 47.2 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente é o Pleno da Corporación, proponse ao Pleno da Corporación, a adopción por unanimidade ou maioría absoluta, dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente a delegación a favor da Deputación provincial da Coruña, das seguintes competencias, nos termos indicados nas das Bases da Deputación da Coruña:

4. Inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.
5. Inspección da Taxa por licenza de obras ou urbanística e pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.
6. Recadación voluntaria e executiva das liquidacións derivadas das actuacións inspectoras.

A delegación das competencias de xestión, inspección e recadación de tributos levará así mesmo o exercicio da potestade sancionadora das infraccións que se puidesen derivar dos devanditos procedementos.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

SEGUNDO.- Notificar á Deputación da Coruña o acordo definitivo da delegación, achegando certificación expedida pola Secretaría do Concello de Dodro.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Aquí tróuxose xa a pleno e quedou un trámite aí pendente por unhas cousas e vólvese traer a pleno para que se ratifique, o xa votado no seu día. Vou dar un turno a cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista, por favor."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si. Ben, é consecuencia da aprobación no seu día, logo de cumprir a regulamentaria publicación no BOP, dando un prazo de alegacións. Agora sométese á ratificación do pleno, ese acordo que no seu día se aprobou, o 14 do 1 do 2025."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz Agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, é unha delegación máis. A verdade, é que non vemos razón de por que hai que, por que teñamos que delegar isto, máis cando agora, temos unha chea de técnicos aquí, para poder revisar isto. E o que é unha... A veces, un quere competencias, non sabemos... pero outras veces, o que facemos con esas competencias é o que facemos, é si podemos botalas fóra. Isto, si isto é unha cuestión que tampouco ten alá maior transcendencia, como o ICIO, tampouco é unha cousa para, para verdade para... para unha... unha unha cousa tan complicada, como para pedir apoio á Deputación. No, agora contrólannos, pero agora vamos estar tramitando cada solicitude e remitíndolle á Deputación para que nos valoren eles, para que nos valoren eles e non fagan aquí as contas... Bueno, eu a verdade é que non lle vexo moito sentido a esta delegación, a verdade e porque creo que externalizar algo que, este tipo de funcións, si deben de estar, dirixidas e xestionadas desde o Concello."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Non entendemos moi ben a necesidade de revisar o ICIO que é un pouco no que consta esta delegación, de delegar na Deputación que revise se está ben liquidado ou non. En caso de que non estea ben liquidado, pois abrir un procedemento de sanción do 50% de multa. A verdade é que non entendemos moi ben, porque a maioría da veciñanza ven ao Concello a solicitar os permisos correspondentes e é no Concello, onde lle dan o importe que ten que pagar, entón, en caso de que estea mal, pois a verdade, é que a culpa non é do veciño nin da veciña. Unicamente que se confunda á hora de pagar, pero que pode ser un, puntualmente. Non nos parece adecuado nin prioritario. Pero, aparte diso, chámanos moitísimo a atención que isto viñera, a aprobación provisional, ao pleno local do 14 de xaneiro do 2025, fai máis xa dun ano e que durmirá o soño*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

dos xustos durante un ano e pico, porque non se publicou no BOP ata febreiro do 2026. Non sabemos si se esqueceron, si tardaron máis dun ano en publicalo e queremos saber o motivo claro, nada máis."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias. Portavoz da Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si. Bueno, nós xa votamos a favor no pleno aquel de xaneiro de 2025 e imos votar tamén a favor agora. Claro, isto imaxino que o goberno o fixo ou o fai para iso, para que a inspección do imposto a faga a Deputación. Imaxino que será porque o Concello non dá feito se... este tamaño de traballo que hai aquí, dos Impostos do ICIO, debe haber moitas, moitas, moitas licencias pedidas, moitas... Entón, pois imaxino que estarán saturados e pasarán o traballo á Deputación Provincial. Bueno, nós, mentres sexa iso si, ao mellor aínda adiantamos máis así que facéndoo o propio Concello. Entón, imos votar a favor."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. O BNG, xa dixemos cando foi da aprobación inicial que o BNG lamenta que os concellos, a administración local máis próxima á cidadanía, que se vexa, cada vez con máis traballo, menos persoal e polo tanto, obrigada a delegar máis competencias. Mentres que por exemplo, a Xunta do PP, carga aos concellos cun servizo impropio, como o do SAF, non dándolle os cartos que se necesitan para atender aos maiores de Dodro e do resto dos concellos. Pero, de tódolos xeitos, na aprobación provisional votamos a favor e agora, pois continuaremos votando a favor."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Aclarar simplemente que primeiro é a inspección do imposto, segundo a inspección da taxa por licencias e a inspección e recadación de tributos, tamén vai incluída aquí. Quero dicir que é posible que as liquidacións que presentan os veciños, non sexan sempre as que deben. Aquí, quen presenta, é o orzamento un veciño cada taxa e cada licencia. Entón, se hai un incumprimento, o que fai o Concello é delegar a función de inspección na Deputación. Máis que nada porque, o que a vostede lle parece sinxelo, a veces non é tanto. A revisión e a comprobación, non é tanto e o inicio dun expediente, non é tanto. Entón simplemente, a Deputación ofrece este servizo, hai máis concellos na provincia da Coruña que se están acollendo a esta delegación e tal. Sinto que efectivamente, por un problema, digamos competencial ou administrativo, non se houbera tramitado no seu momento e teñamos que estar agora volvendo a isto, pero é o que hai. Seguimos pensando, a maioría que aquí somos que é unha boa opción. Vamos a pasar á votación.*

Votacións:
Votos a favor: 6

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

C) MOCIÓNS:

C.1.) MOCIÓNS URXENTES:

Non hai

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Mocións urxentes. Mocións non hai ningunha presentado por escrito, mocións."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Eu teño unha proposta de moción urxente, se o pleno o valora."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si claro."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"In voce."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Tes copias ou algo?"*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

"Non non, simplemente é algo moi sinxelo."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Espera, espera. Hai que debater primeiro a urxencia. Espera."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Vale, si, si, si se pode se non. In voce creo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Se a urxencia está motivada por acontecementos relevantes e imprevisibles poderán presentarse mocións In voce que serán anunciadas á presidencia durante a celebración da sesión plenaria, pero bueno tes que entender que se non é urxente, a palabra é relevante e imprevisible."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"E a relevancia é ou un como lle chaman despido ou ERE da fábrica de Nestlé para o que ven sendo o aproximadamente, pois non sei, o 14% do cadro de persoal total."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"O outro día non se permitiu unha nosa."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Non, non eu simplemente o expoño á mesa."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"No eso non se expón así, hai que expoñelo máis."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non, non, quero dicir é relevante, pero non é imprevisible, porque xa hai, xa levamos uns días con isto, é dicir se isto, si estiveramos..."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si, a convocatoria de folga eu entereime onte, dunha convocatoria, perdón, de folga non de manifestación que vai haber o sábado."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Claro."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Pero senón ha lugar pois non ha lugar."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Podes facelo nun rogo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Había que a obrigación é de In voce é o principal, pois non, non habería lugar."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

D) CONTROL DE GOBERNO:

11. ROGOS E PREGUNTAS

Rogos escritos.
Ningún

Rogos orais.
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Agrupación Xente de Dodro, algún rogo?."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"No."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Partido Popular, algún rogo?"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal, algún rogo?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Non."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si, claro. Como non se puido presentar como moción, pois nada. Eu simplemente, que lle quería trasladar ao pleno e ao grupo de goberno, pois un pouco, a solidariedade da xente que pode ser despedida por Nestlé, tal e como anunciou e tal como están comentando o comité de empresa son 27 persoas, é o 14% da plantilla, tendo en conta que é a fábrica representativa, ou a mellor, agora xa non tanto, para Dodro. Pero, representativa si, na comarca, unha das máis importantes que temos e desde logo, unha na que máis cargan o tema dos despidos con respecto ao resto dos sitios do Estado Español."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Recollemos o rogo e gracias."*

Preguntas escritas.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Preguntas escritas, hai dúas do Partido Popular sobre o escombro en Lestrobe. Por favor pode vostede formular a pregunta."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Na aldea de Lestrobe, na zona da Boca do Monte, hai tirado un escombro dende fai xa 3 anos. Segundo a información da veciñanza, é dunha obra realizada na aldea e ao rematala, deixaron alí o escombro.*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Pode dicirnos, si isto é certo quen votou alí ese escombro? E si realizaron algunha xestión nestes 3 anos para que o retiren?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, é certo que o escombro é dunha obra que se fixo alí, efectivamente hai tempo, é un escombro inerte que a empresa está facendo outras obras no Concello e realmente, se deixou nun momento determinado, porque era posible que fixese falta para recheo. Pero, en todo caso, se lle comunicou que o retire e esperamos que o fagan en brevísimo tempo.*

A seguinte pregunta é tamén do Partido Popular sobre un tema de parques que a vai a contestar o concelleiro".

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"A maioría dos parques infantís do concello, están totalmente abandonados. A diario, moitos pais e nais, quéixanse do estado dos mesmos e cónstannos que as trasladaron en varias ocasións ao equipo de goberno, tanto verbal como por escrito. En moitos deles, non se pode nin entrar porque a herba ata impide o paso, como en Pexegueiro, de Vigo e de Reboiras entre outros moitos.*

Practicamente en case todos os parques, os aparatos están rotos, oxidados e en moitos casos, inservibles. Polo que supoñen un grave perigo para os nenos.

No caso do parque da escola de Lestrobe, é aínda máis grave, xa que ademais do grave deterioro, está ao lado dunha obra, sen ter as medidas de seguridade adecuadas.

Polo cal, preguntamos: Cando teñen pensado arranxar e habilitar os parques infantís nas aldeas para que os nenos teñan onde poder ir a xogar?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moncho, cando queiras."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si. Vamos a ver. En primeiro lugar, que estean abandonados. Nós, non temos constancia que nolas trasladaran, como equipo de goberno, tanto verbal, houbo unha petición dunha persoa escrita, nada máis. Que si que hai comentarios.*

Agora a situación deles: que fala da herba que impide o paso, por exemplo en Pexegueiro. Dicir que o Concello, non debe e non pode actuar, en terreos que non son de titularidade do Concello, concretamente, onde está en Pexegueiro, é unha eira titularidade dos veciños. En Vigo, que curioso, pertence o terreo á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común Balouta e Fontecova e logo o alcalde vaille dicir algo sobre iso. En Reboiras, é de fincas particulares. No Nabal, ten os documentos de propiedade, cada un oseu. Alí, no seu día, instalaron un parque infantil, un parque... uns aparatos, digamos do parque infantil, o Concello e tamén a Comunidade de Montes puxo unhas mesas, pero, sigo dicindo, é dos propios propietarios. Pode vostede mirar onde queira. E puido preguntar, por outros máis. No Rialiño, igual, feito polo seu goberno no seu día, en terrenos que

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

non eran titularidade municipal. Podía seguir máis adiante, o de Sar tamén está en terreos da comunidade de montes e, o de Manselle, é curioso, quen o sacou de alí?, quen o sacou de alí? Non sabemos.

Os aparatos que están rompidos e oxidados, lóxico, o grao de perigo para os nenos, indubidablemente. Hai pouco, se fixeron unhas pequenas reformas nalgúns deles, como por exemplo en Bustelo, porque tamén agora, segundo informacións que nos din que sirve de cerrado, sirve para meter o cabalo dun veciño, iso é para o que sirve.

Da escola de Lestrobe, home que problema hai? Si queremos mellorar o entorno, para mellorar o acceso e todo iso, xa é o de menos. Loxicamente, cando hai obras, home!, algo de perigo si, pero tamén, hai alí alguén de educación, os docentes, que terán que vixiar un pouco polos nenos, non?

Que teñen pensado arranxar e habilitar os parques infantís nas aldeas para que os nenos teñan onde xogar? Indubidablemente miramos, pero nestes concretamente, dos que acabo de dicir antes, non vemos moito a legalidade para poder actuar neles, nada máis."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu vou a puntualizar dúas cousas, aparte do dito polo concelleiro..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"O que pasa, se poden contestar se o van arranxar ou non, porque doume un discurso pero non mo dixo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non, mire, precisamente voulle contestar eu. Voulle dar unha puntualizada ademais. Mire, está ben o que dixo o concelleiro porque tamén hai que explicar o contexto, non?*

Vamos a estudar e traeremos aquí ao pleno, unha política sobre parques infantís municipais conxunta, porque nos parece que ten a suficiente importancia, como para quen, igual, agora mesmo non haxa un parque en cada aldea e haxa un parque mellor preparado, con máis servizos para que todos os nenos poidan desfrutar, porque o que hai ata agora, polo que acaba de dicir moi ben, o portavoz do Partido Socialista, eran parques pequenos instalados en lugares de propiedade, vamos a ver, dispersa, de feito o último deles, o que dixo moi ben, o feito en Rialiño, nun terreo que na actualidade non é propiedade do Concello, non sabemos nin de quen é a propiedade, é propiedade agora mesmo de Agader. Pois vamos a evitar iso, vamos a traer aquí, ao pleno do concello, unha política de parques, precisamente negociada, que espero que acade a maioría dun consenso aquí no pleno. Así que, vamos a ver... E o da Escola de Lestrobe que lle conste que están pendentes de rematar as obras e que se vai facer unha actuación importante na zona do parque e na zona da praza e na zona da escola. Aquilo vai quedar ben. Lamentamos o sucedido no retraso, pero estamos niso.

Hai dúas preguntas máis escritas da Unidade Veciñal. Unha é a do POS, a

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

primeira creo que é. Portavoz de Unidade Veciñal."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Bueno, estes días chegou á casa da veciñanza de Dodro, estos días... ahi atrás... o panfleto da Deputación da Coruña, onde nos informa das obras financiadas polo Plan Único, nos últimos 4 anos dende o 2025. As de 2026 aínda non están.*

Na publicación, vemos que tódalas obras de 2025, ningunha está feita. A Rehabilitación da Casa do Regadío quedou deserta e varias do ano 2024, aínda non se empezaron. O acondicionamento do entorno da escola de Lestrobe, leva parada case un mes sen ningunha explicación a día de hoxe. A día da presentación desta pregunta.

Do POS 2024, están as seguintes obras sen empezar:
- *Saneamento en Cancela Abrea.*
- *Mellora no viario do núcleo de Bexo.*

A este ritmo de realización de obras, con mais de 2 anos de retraso e tendo que aprobar en febreiro do ano que ven, o POS 2027, cabe a posibilidade que no remate deste mandato, en maio do 2027, aínda se empecen a realizar algunha obra de 2025.

En algún concello da comarca, xa están contratando as obras do POS deste ano e é posible que as empecen en breve.

Ante todo o anterior, pode explicarnos a que se debe o retraso na realización das obras?, o motivo da paralización da obra de Lestrobe? e o que se vai facer cá Casa do Regadío?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esta vaina a contestar Moncho."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si, vamos por partes. Chamarlle panfleto a un folleto..., o significado é bastante distinto, o panfleto é nun ton agresivo e propagandístico e despectivo."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Perdón, nós aos nosos, chamámoslle panfleto."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Ao voso, pero este non é un panfleto."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"É un panfleto."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Se vostede o considera que é un planfleto...."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *" É un panfleto. Mírao no dicionario...."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Ao seu deputado, amigo da Deputación, dígalle que da panfletos, dígalle vostede... bueno que son panfletos."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Mira no dicionario."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Un folleto que a Deputación, un órgano da administración local, pois lle pon en coñecemento dos veciños, mándallos aos veciños, das obras que financiou polo POS, vale? Non, un panfleto. Panfleto é difamatorio e todo o que queiras, bueno é propaganda."*

Intervencións varias á vez de xeito inintelixible

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor. Vamos a continuar ca contestación."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Sigamos: das obras do POS do 2024, están as seguintes obras sin empezar:*

- *O saneamento en Cancela Brea, está adxudicada, logo dun proceso de licitacións, está adxudicada a unha empresa, claro.*

- *A mellora no viario no núcleo de Bexo tamén está adxudicada, esa obra está adxudicada total.*

As de 2024, están adxudicadas. A Casa do Regadío, claro, quedou deserta, unha empresa que presentou a oferta ou proposición, pero logo á hora de presentar a documentación, non o fixo. Entón, haberá que sacalo de novo a licitación.

Di que con este ritmo, este ritmo que levamos na realización das obras, con máis de 2 anos de retraso, xa van agora as do ano 2027 e tal. Fala dalgún concello da comarca que están contratando as obras deste ano do 2026, debe ser o primeiro, antes de que a Deputación aprobe as obras.

Observando o que hai en Rianxo, na plataforma que debe ser un concello, bueno, que vostede, se refire, moitas veces a ese concello, saíu, concretamente, no día de onte, unha obra a licitación na plataforma de contratos de obras do POS anterior, pero non, do 2026, ningunha, ningunha. Xa digo, a outra, a que quedou deserta, vaise sacar a licitación e se quere, infórmolle de todas, de todas as que están pendentes, infórmolle de todiñas. se quere, dígolle o proceso, en que punto están cada unha delas."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"A min dime a de Lestrobe nada máis."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"A de Lestrobe está en execución ..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Está parada ou non parada?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Está parada."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Está parada, porque parece ser que ten problemas laborais ou non sei que, a empresa."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A empresa sufrirá as penalidades que teña que sufrir, se corresponde, polo tema do retraso na execución. A obra de Lestrobe, está parada por cousas alleas ao Concello e bueno, por cousas da empresa e esperemos que o luns retomen isto..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Andan dicindo por aí outras cousas."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pois no, en principio non hai máis cousas que as que hai, non sei as que hai, vale. E nada mais, hai outra pregunta máis non? Si. Hai outra pregunta escrita máis."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"A ver se nos poden dicir cales foron as licencias que se aprobaron ou comunicacións previas autorizadas ás empresas de Dodro que realizaron obras, que toda a veciñanza puido ver, exceptuando á empresa concesionaria da xestión da auga, durante o último mandato de 2023 a 2026?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois mire, esta resposta é fácil. Non podo dicirllo, porque non teño constancia máis da que teño. En todo caso, teño que dicirlle que hai un Servizo de Urbanismo que funciona... pensamos que está funcionando especialmente ben e que está a disposición de calquera veciño para que faga as consultas puntuais e que nos diga que cousas están vendo, para que... onte estiveron, estivo a responsable de urbanismo, facendo inspeccións en obras que tivemos constancia que se estaban facendo, no momento que se teñen constancia dalgunha obra que se realiza e non queda claro, se ten licencia, incluída algunha con licencia que é a que se foi ver onte, pois, ou con comunicación previa, vaise revisar sen a mais mínima dúbida. Entón, o servizo de urbanismo está para isto. Entón, eu non podo dicirlle exactamente cal é a que toda a veciñanza viu. Eu non sei, non teño constancia de cales se refire. Entón, non podo dicirlle simplemente cales."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Vostede non sabe as licenzas que se deron non?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pero estame dicindo que toda a*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

veciñanza puido ver e eu estoulle decindo que non sei a que puido ver toda a veciñanza, que eu non vin. As que vemos nós realizamos as inspeccións..."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Non, eu non lle preguntei pola veciñanza, pregúntolle..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Está a pregunta mal feita."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Pregúntolle, cantas licencias se deron? Que me dea un número de cantas."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pero é que iso non é o que di a pregunta..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Non home, a ver."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Porque di cales foron as licencias...."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Cales foron?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A pregunta é: Cales foron as licencias aprobadas ou comunicacións previas...."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Ou cantas."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pon cales, non pon cantas. Ou comunicacións previas autorizadas ás empresas de Dodro que realizaron obras, que toda a veciñanza puido ver. É que non sei, non entendo se isto... vostede formula a pregunta e remata pode dicirnos cantas foron as licencias aprobadas ou comunicacións previas autorizadas ás empresas de Dodro? Aí é unha cousa, o que ven despois, eu non entendo a pregunta, entón non sei, non a entendo, non podo dicirllo, non podo contestar a esta pregunta.*

En todo caso, se a veciñanza ten algunha dúbida, o servizo de urbanismo contesta a isto de forma inmediata, incluso vai realizar inspeccións sen ningún problema, que está para isto, funciona moi ben o servizo de urbanismo.
E agora bueno, preguntas orais, se hai algunha pregunta oral. Portavoz de agrupación política Xente de Dodro."

<u>Preguntas orais.</u>

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Si, eu teño dúas preguntas orais."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Fai sete anos que*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

asumiron vostedes o goberno e aínda non son capaces de saber, si o lugar do parque de Rialiño é do Concello ou non, a pesar de toda a documentación que se lles deixou. Foron vostedes os que estaban aquí, cando se fixo a concentración e tiñan a obrigade de defendelo patrimonio do concello de Dodro. Pero, se non saben aínda que facer ca casa de Lestrobe, é normal que non sepan en que situación está o resto do patrimonio do Concello.

O señor Abuín, acaba de crear un concepto novo de propiedade, os veciños de Pexegueiro, agora resulta que unha propiedade pode estar inscrita ou rexistrada a nombre duns veciños. Eso é novo, eso é un concepto novo. É dicir, hoxe son 10 veciños e son 10 veciños propietarios, mañá son 20, son 20 veciños propietarios. Esta é, como entende vostede a propiedade privada, e así nos vai, así nos vai. Que xestións fixeron vostedes nestes 7 anos para determinar a propiedade deses parques infantiles?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Primeiro, agradecer en nome de toda a corporación. a presencia dos concelleiros da agrupación Xente de Dodro, nesta parte tan importante do pleno, cando normalmente collían a porta e marchaban, porque isto parece que non lle..."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Non, eso era ás 9, eso era ás 9."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Entón, é unha pena non agardar un pouco máis que xa se houbese marchado, houbésemos aforrado este mal trago.*

Pero, en todo caso, agradecerlle a presencia para esta humilde parte do pleno, que estamos aquí todos a preguntar ao alcalde..."

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Fala vostede polos demais?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, non me interrompa."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Fala vostede polos demais?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, non me interrompa.*
Entón, dicirlle que fixemos para investigar a propiedade dos parques? Pois efectivamente, o que fixemos foi, investigar a propiedade dos parques. Iso foi o que non fixo vostede, cando vostede era alcalde. Mire, para investigar a procedencia dos parques e a propiedade., hai que certificar que son do Concello. Vostede foi alcalde 8 anos, non fixo as cousas ben, polo que se ve, porque ningún, ou ningún non, moitos dos parques infantís, constan como de propiedade do Concello, que quede clariño, non constan nin en Catastro nin no inventario do Concello. É vostede, o principal culpable, durante 8 anos foi alcalde e non se molestou, nin en actualizar o inventario, nin en facelo, nin en incluílos, vale.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Entón, o Concello e o alcalde actual, ten que facer as cousas ben e ten que mirar, en onde pode, para saber de quen son esas parcelas, vale? Entón dígolle que moitas desas parcelas, constan en Catastro que non da a propiedade, e non está no Rexistro a nome do Concello, nin a nome de ningún particular. Entón, están en Catastro, a nome de veciños. É curioso, hai varias propiedades, anímoo a que enrede e a que se entere que xa foi alcalde e non sei se se enterou. Están a nome de asociacións ou de entelequias como, veciños de Pexegueiro, veciños de Bexo e veciños de Tarrío, fixese vostede con 8 anos, non foi capaz nin de enterarse, nin de arranxalo. Entón, venme a min a dicir isto que lle conste que este alcalde e este Concello, mentres eu sexa, van se facer as cousas ben e vainas facer ben. Estamos, precisamente investigando a propiedade, no caso de ser posible, o Concello está tratando de que esa propiedade, ese ben, pase a ser propiedade municipal, vale? Contestada a pregunta. Algunha pregunta máis pola sua parte?"

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Si."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, deberíase enterar mellor, porque as plazas públicas nin as estradas, están rexistradas, os bens públicos non se rexistran. Pero bueno, vostede leva 8 anos... imposible. Xa lle digo, non sabe o que facer ca Casa de Lestrobe, pois así estamos.*

Veño, vimos aquí a dar conta da liquidación do ano 2025, curiosamente non dan nin turno de palabra para manifestarse e manifestar a opinión sobre esas contas que son moi relevantes, que son moi relevantes.

No ano 2023, a execución foi do 36%, no ano 2024 foi do 52% e no ano 2025 foi do 30%, do 30%, é decir, vostedes de 10€ ou de 100€ ou de 1.000€ de inversión, simplemente foron capaces de cumplir o 30%, tendo arquitectos, tendo secretarios, supersecretarios... de todo a Deputación... de todo. Esto, o que denota, é unha incapacidade. Pero é que decimos, no ano 23 foi do 36%, no ano 24 o 52%, no ano 25 o 30%. É decir, temos un goberno que soamente é capaz de cumplir o 30% dos investimentos, o 30% dos investimentos. E que pasa? Pois pasa que, cando ti non cumples, eses cartos non salen e o que che dan, son... é o resultado que é totalmente artificial.

Pero temos mais, temos mais. Temos que, ahora resulta que o que medra é o gasto corrente, entonces pasamos, si no ano 23 era 1.212.000, no ano 25 é 1.475.000 e está por aplicar, e está por aplicar a RPT e está por aplicar a RPT. Entonces, esto é... a capacidade que demostra... que é o que saben facer, gastar, non invertir, gastar. Esto é unha patada adiante porque nalgún momento, nalgún momento, esto vai a ter un resultado e vai a prexudicar notablemente ás contas e á capacidade de inversión do noso Concello. Que inversións quedaron sin rematar neste ano 2025?, e cando se van a rematar, esas inversións previstas, no orzamento do ano 2025?"

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois contéstolle no próximo pleno. Gracias."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Si bueno, é normal."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Partido Popular, algunha pregunta oral?"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si temos dúas Vamos empezar pola dos parques, porque despois do relatorio do tenente-alcalde e do alcalde, pois a min hai algunhas cousas que se me escapan un pouco. Bueno, primeiro o tenente alcalde di que non tivo queixas, máis que un escrito da veciñanza. Pois debe de ser que debe de ter que poñer audiófonos, porque vamos, é unha demanda en todas as aldeas e en todos os parques. Pero o que é curioso, é que nos di que non poden actuar nos parques. O sea, levan vostedes, a lexislatura pasada e parte desta, actuando nos parques e agora, veñen a dicirnos que non poden actuar, debe de ser desde antes de onte porque, están sen limpar ou porque están sen arranxar... Pero, o que é máis curioso todavía, é que resulta que non poden actuar, pero un equipo de goberno do PSOE e BNG e Unidade Veciñal, montou un parque na aldea de Reboiras, alí non había parque e montou un parque alí.*

Si, si, un equipo de goberno, formado por Unidade Veciñal, BNG e o PSOE. Si señor tenente alcalde, ten que mirar a hemeroteca. Montárono alí que segundo vostedes non podían. Non é que fora outro partido, foron vostedes. Pero é mais curioso todavía que, a catro días das pasadas eleccións no 2023, foron a montar un parque infantil á aldea da Devesa, nun terreo que nin sequera, hoxe en día, non teñen nin cesión, nin propiedade, nin un escrito tan sequera, absolutamente de nada. Pero correron catro días antes das eleccións, a montar ese parque nese terreo. A ver si mo aclaran, poden ou non poden montar parques? Ou solo poden montar parques cando lle interesa e despois para mantelos e para que os rapaces, cando chega a primavera e ven o bo tempo, ir un home alí, a desbrozar e poñer aquilo decente, para iso non poden. Pódemo aclarar? Gracias."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu non, non llo vou poder aclarar."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non, claro, evidentemente. Eso xa o sabía eu."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Teremos que investigar e aclarámosllo no seguinte pleno."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Vale. Temos outra pregunta oral."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"No pleno do 21 de setembro 2023, preguntamos polo peche de madeira do río San Lufo, porque estaba, xa daquela toto, a madeira estaba podre e o Concello, puxo unhas vallas alí para protexer un pouco que a xente non caera... pero claro, estamos falando de setembro do 2023, preguntamos e dixéronnos que si que xa se iba a arranxar en breve e continuamos exactamente igual. Segue roto, faltan trozos, agora xa nin están sequera as vallas do Concello, xa as quitaron. Entón, pode dicir se teñen previsto arranxalo e cando?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"As actuacións en dominio de Augas de Galicia, son moi complexa e moi complicadas."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, evidentemente, si."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non, permiso non, é mais complexo que iso. Os cerres teñen que ter certas condicións e tal.. e estamos vendo que actuación podemos facer no río San Lufo que mellore, en xeral o río San Lufo."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pero levan tres anos vendo?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, si, porque é un tema bastante complicado, non é soamente bueno ... Fácil sería poñela valla, ou non, pero nós, pretendiamos unha vez que estivemos mirando iso, facer algunha cousa máis. Hai unha ponte, no inicio da valla que desborda tódolos anos. Estabamos intentándoo, pero é moi complexo xerar unha ponte, porque os... como se di? O vao que ten que ter esa ponte, feita hoxe en día, ten que ter unhas condiciones brutais, estamos vendo se hai algunha solución que poidamos acomodar para deixar esa zona fóra de inundacións e fóra de encharcamento e non soamente coa valla, é un pouco o que estamos intentando facer."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Claro, se lles leva tres anos mirar, parece que van tardar, claro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, si. Pois non, esperemos que sexa antes."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Bueno, ningunha pregunta máis."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si. Eu teño un par delas tamén. Imaxino que a primeira será xa para dentro de dous meses, esperemos que non pase como a última vez e me conteste dentro de dous*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

meses. Pode dicirnos cantas, o número, foron as licencias aprobadas ou comunicacións previas autorizadas ás empresas de Dodro, exceptuando a empresa concesionaria, durante o último mandato 2023-2026?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois non podo, por que que teño que consultalo."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Bueno, pois, para a próxima."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Contestareillo na próxima, si."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Bueno, a seguinte. A ver se nos pode dicir cando, por fin, vamos ter páxina web? Porque debemos ser o único concello, xa non da comarca, non sei, case de Galicia que non ten páxina web. Ou sexa, a ver se nos pode dicir se non é neste pleno é para o seguinte, como van os trámites da páxina web?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois gustaríame, gustaríame, poder dicirlle que pronto."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Pero non."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pero non sei o pronto que lle podo dicir, porque non depende, non depende de min. Recentemente, o que nós estaba complicando a páxina web, era o Esquema Nacional de Seguridade. Parece que se adaptaron os seus servidores ás liñas e todo ao Esquema Nacional de Seguridade e parece que, de acordo a ese esquema, o seguinte é poder ter unha páxina web de acordo ao Esquema Nacional de Seguridade, ENS, que nos está traendo pola calle da amargura. Lamento non poder dicir outra cousa. Espero que no seguinte pleno poidamos traer como dación, a páxina web. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Unha pregunta moi concreta, non sei si se pode contestar agora ou se no próximo pleno. Cando vai ver a veciñanza obras de mantemento da Casa do Regadío,da que xa se falou, do local social de Lestrobe, Eira da Malla de Bexo e das estradas con covos e vexetación que xa tapan sinais, tanto da Xunta como nalgunhas do concello?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A ver, a Casa do Regadío, como xa se preguntou aquí, quedou deserta. Vamos a volver a sacala, é unha obra de máis de 100.000€, IVA incluído, que nos estrañou que ninguén, que ninguén... bueno, unha empresa so optou, pero despois deixouno, no tramite, deixouna. Vamos incluso estudar outras formas de contratación, se podemos, para adiantar o tema que temos moito interese en que esa obra este rematada antes deste fin de ano 26.*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Sobre a casa de Lestrobe, este alcalde, xa foi á Deputación e ten comprometida unha inversión, hai un proxecto que se presentou á Deputación da Coruña para utilización da casa de Lestrobe que consistiría, nunha planta baixa, que sería un local social e unha planta alta que sería para oficinas do Concello. E díxome, das pistas e de fochancos e tal, é vexetación ...”

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *“A pregunta é cando, non como.”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Sobre a vexetación... A casa de Lestrobe, tamén esperamos...”*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *“E a Eira da Malla de Bexo, tamén lle dixen.”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Si, bueno. A Eira da Malla de Bexo, ten o mesmo problema que teñen outras obras que non constan como de titularidade municipal. De feito, recentemente iniciamos outro proceso, co Pozo do Liño en Eiró que agora, gracias a uns trámites que fixemos en Catastro, consta como do Concello. Entón, vamos a tratar de facer o mesmo procedemento, na Eira da Malla de Bexo para poder despois incluíla, incluso no inventario municipal, e poder actuar nela, xa como propiedade municipal.*

O tema das vexetación, está o tractor facendo o que soe facer nestas épocas do ano, que é limpar todo o que se pode. Empezarán para a semana que ven dous traballadores do PEL da Deputación que tiñamos solicitado tres, solo se presentaron dúas persoas e que en principio, empezarían para a semana que ven a facer este traballo. Aparte os traballadores da Xunta , que estamos neste trámite tamén...”

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *“Os do APROL.”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Os do APROL,que serían outras dúas ou tres persoas. A ver se pronto, esperamos que neste mes de xuño, na primeira quincena de xuño, quede todo máis visible. Algunha outra? Bueno, ti unha soa.*
Bueno, pois se non hai máis preguntas, levantámola sesión. Gracias por vir e ata o próximo día.”

Ás 20:50 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Dodro, documento asinado dixitalmente
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 09/07/2026 13:37:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 09/07/2026 13:42:00)
Versión imprimible
CVD: PPA8QSTFPuD5rNP4GJBs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/